

Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2024 (Expediente 43395-220):

PRIMEIRO: Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024, de conformidade cos informes emitidos ao expediente electrónico n.º 43395/220 e informe de fiscalización previa e preceptiva, que estará integrada polas seguintes prazas, segundo informe técnico de data 11/12/2024:

QUENDA LIBRE

<i>Rel. Xurídica</i>	<i>Praza</i>	<i>Nº Prazas</i>
Funcionario	Policía	13
Funcionario	Bombeiros/as	6
Funcionario	Condutores bombeiros	2
Funcionario	Diplomado/a Traballo social	2
Funcionario	Administrativos/as administración xeral	2
Funcionario	Auxiliares administrativos/as administración xeral	2
Funcionario	Psicólogo/a	1
Funcionario	Técnico/a Administración Xeral	3
Funcionario	Enxeñeiro/a Superior	1
Funcionario	Enxeñeiro/a de Camiños	1
Funcionario	Enxeñeiro/a Industrial	1
Funcionario	Monitor/a de educación física	1
Laboral	Oficial Fontaneiro	1
Laboral	Oficial Sepultureiro	1
Laboral	Oficial Almaceneiro	1
Laboral	Axudante de Oficinos	1
Nº total de prazas		39

QUENDA PROMOCIÓN INTERNA

<i>Rel. Xurídica</i>	<i>Praza</i>	<i>Nº Prazas</i>
Funcionario	Cabo Extinción de Incendios	3
Funcionario	Inspector/a (Policía Local)	2
Funcionario	Intendente (Policía Local)	1
Funcionario	Oficial (Policía Local)	2
Funcionario	Administrativos/as administración xeral	5
Funcionario	Auxiliares administrativos/as administración xeral	2
Laboral	Oficial Mantemento IMD	1
Laboral	Oficial Instalacións	2
Nº total de prazas		19



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

SEGUNDO: Acumular as prazas vacantes da quenda de diversidade que foron declaradas desertas trala última execución da oferta de emprego público (OPE 2017-2018-2019), e aos efectos de que se proceda a realizar unha nova convocatoria, referida ás seguintes dotacións:

Réxime Funcionario	Diplomado/a Traballo Social	Quenda libre diversidade funcional	1
Réxime Funcionario	Subalterno/a	Quenda libre diversidade intelectual	1
Réxime Laboral	Oficial de Mantemento	Quenda libre diversidade funcional	1
Réxime Laboral	Axudante de Oficios	Quenda libre diversidade intelectual	1

TERCEIRO: Dispoñer a publicación do presente acordo nos diarios e boletíns oficiais que corresponda consonte á normativa vixente, publicando igualmente o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño

